

# UN MESMO NÚMERO, DISTINTAS MANEIRAS DE ESCRIBILO

por Carla Carneiro



Ao longo da historia da humanidade os números representáronse de distintas maneiras: o 134, por exemplo, non só se pode escribir cun 1 seguido dun 3 e un 4.

Queres coñecer algunhas formas de escribir este e outros números?

## NÚMEROS ROMANOS

Na antigüidade, os números escribíanse sen números! Os romanos e outras civilizacións empregaban símbolos ou letras para representar cantidades, pero esta maneira de traballar era moi limitada e non servía para representar decimales, números moi grandes ou números negativos.

Os romanos usaban as letras maiúsculas I, V, X, L, C, D, M

$$134 = \text{CXXXIV}$$

## NÚMEROS EN BASES NUMÉRICAS

En realidade, cada número é unha suma na que os sumandos son cada cifra do número multiplicada por unha potencia da base empregada.

O expoñente da devandita potencia depende da posición que ocupe a cifra.

Unha leria? Fíxate nos exemplos.

### BASE DECIMAL (a que usamos tódolos días)

Base = 10	...	$10^6$	$10^5$	$10^4$	$10^3$	$10^2$	$10^1$	$10^0$	Valor: Depende da posición
					1	3	4		$1 \cdot 100 + 3 \cdot 10 + 4 \cdot 1$
			3	2	7	0	7		$3 \cdot 10.000 + 2 \cdot 1.000 + 7 \cdot 100 + 7 \cdot 1$

### BASE BINARIA (a da informática)

Base = 2	...	$2^7$	$2^6$	$2^5$	$2^4$	$2^3$	$2^2$	$2^1$	$2^0$	Valor: Depende da posición
		1	0	0	0	0	1	1	0	$1 \cdot 2^7 + 1 \cdot 2^2 + 1 \cdot 2^1 = 134$
Só emprega 0 e 1				1	1	1	0	0	0	$1 \cdot 2^5 + 1 \cdot 2^4 + 1 \cdot 2^3 = 56$

Viches? Un mesmo número pode ter formas ben distintas:

$$134 = \text{CXXXIV} = 10000110$$